LACTACIÓN MATERNA E BANCO DE LEITE MATERNO



A **lactación materna** é a forma ideal e natural de achegar aos nenos e nenas nutrientes que necesitan para un crecemento e desenvolvemento saudables. A pesar de recoñecerse a súa repercusión positiv a, o índice de lactación materna é mellorable mediante unha política de promoción da lactación materna que adopte os criterios globais mínimos da Iniciativa da Humanización da Asistencia ao Nacemento e a Lactación (IHAN da OMS/UNICEF).

A xerencia conta cunha **normativa** escrita de lactación dirixida a todos os profesionais, co fin de unificar a actuación, garantir a súa competencia, facilitar a continuidade na implantación de boa práctica e, en definitiva, ofrecer unha atención humanizada e de calidade.

A xerencia conta cun **Banco de Leite Materno**, que é un centro especializado, responsable da promoción e apoio á lactación materna, e da recolección, procesamento, control de calidade e dispensa do leite de nai doada a calquera neno/a que a precise. Tanto a doazón como a dispensa son gratuítas. E a dispensa faise baixo criterio médico.

O modelo de banco recolle leite de nais donantes de varias áreas sanitarias de Galicia, e permite dispoñer de leite humano en calquera momento para iniciar a alimentación trófica a todos os neno/as doentes ou prematuros, á espera de que as súas nais póidanlles dar o seu propio leite.

O leite de nai é un produto biolóxico e tanto no seu procesamento como na súa conservación, do mesmo xeito que ocorre coa doazón de sangue, precisa dun manexo experto que garanta a súa seguridade e a preservación das súas propiedades nutricionais e inmunolóxicas.

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

- Dez Pasos para unha Lactación Exitosa
- Decálogo da Lactación materna
- 9 - A Unidade de lactación materna
- 8 - Certificado do Sistema de Xestión de Riscos
- 7 - Normativa de lactación materna
- 6 - Contacto co Banco de Leite Materno
- 5 - Comisión de lactación materna
- 4 - Guía de lactación materna
- 3 - ¿Como funciona o Banco de Leite Materno?
- 2 - Beneficios esperados para os neonatos

Enlaces relacionados

- Iniciativa para la Humanización de la Asistencia al Nacimiento y la Lactancia (IHAN)

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía
- A nosa organización
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Sobre a nosa organización, Campañas de promoción
- Interésame, Doazóns